

# Unha experiencia de Aprendizaxe e Servizo para fomentar a aprendizaxe da Aritmética e a colaboración docente.

Educación Matemática I  
1º curso do Grao en Educación Primaria

M<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro, M<sup>a</sup> Elena Segade Pampín e Carlos Soneira Calvo

# Presentación da experiencia

FOMENTAR A APRENDIZAXE DA XEOMETRÍA E A COLABORACIÓN DOCENTE, A TRAVÉS DO DESEÑO, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DE TALLERES SOBRE O USO DE MATERIAIS NN ESTRUTURADOS PARA TRABALLAR CONTIDOS DE ARITMÉTICA PARA NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Xurdiu coma demanda do profesorado titor do 1º e 2º curso de Educación Primaria do CEIP Galán.

Colaboración iniciada dende o curso 2016/17.

# Descrición da experiencia

- ▶ Realizáronse dúas propostas en formato de taller en cada curso para traballar contidos relacionados co concepto de número e cas operacións aritméticas básicas en Educación Primaria a través de distintos materiais non estruturados.
- ▶ Nos talleres, os receptores do servizo e os estudantes de grao distribuíronse por grupos de traballo.
- ▶ Os estudantes de grao deseñaron as actividades e actuaron como orientadores durante a posta en práctica.
- ▶ Axudamos ao noso alumnado, estudantes en formación a introducirse e coñecer o contexto real do mundo educativo.
- ▶ A participación do noso alumnado formulouse como proposta de traballo en equipo e formando parte da avaliación.
- ▶ Xéranse canles de comunicación e colaboración entre profesorado en activo e profesorado en formación.

# Obxectivos

- ▶ Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- ▶ Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar pequenos talleres educativos en contextos escolares.
- ▶ Coñecer as partes do currículo E.P. das nocións de número, as operacións aritméticas e o cálculo a través de materiais non estruturados.
- ▶ Fomentar a cooperación entre institucións socioeducativas.
- ▶ Mellorar o pensamento numérico.
- ▶ Fomentar o uso de materiais non estruturados nas aulas de E.P.
- ▶ Colaborar e axudar na formación docente e na adquisición de competencias matemáticas.
- ▶ Desenvolver habilidades comunicativas.
- ▶ Coñecer o manexo de grupos, fomentando a cooperación e o traballo colaborativo entre iguais.

# Participantes

- ▶ 132 estudantes da materia Educación Matemática I.
- ▶ 48 alumnos/as de 1º e 56 alumnos/as de 2º curso de Educación Primaria.
- ▶ 5 docentes do centro educativo.
- ▶ a dirección do centro educativo.
- ▶ 3 docentes da UDC.

# Resultados de aprendizaxe

- ▶ Potenciar e desenvolver coñecementos de conceptos numéricos básicos, e as técnicas de cálculo.
- ▶ Coñecer e analizar o currículo escolar de matemáticas na E.P.
- ▶ Coa finalidade de que os estudantes experimenten a utilidade das matemáticas na vida cotiá, resolveron problemas matemáticos e non propiamente matemáticos nun contexto real de aula.
- ▶ Avaliar e analizar a ensinanza e o aprendizaxe das matemáticas na etapa de E.P. utilizando recursos e materiais non estruturados.
- ▶ Valorar a importancia da colaboración entre docentes.